



Expediente IET: P-21-180
Proxecto: Parque eólico Monte da Croa
Concellos: Dumbría e Vimianzo (A Coruña)
Promotor: Villar Mir Energía, S.L.U

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 05/03/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Monte da Croa.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Monte da Croa, de 27 MW, composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora e edificio de control). As máquinas terán unha altura de buxa de 112 metros. Propóñense dous modelos de aeroxeradores: nas posicións MC-01, MC-04, MC-05, MC-06 e MC-07 terán un diámetro de rotor de 136 metros e 4,2 MW de potencia unitaria, e nas posicións MC-02 e MC-03 os aeroxeradores terán un diámetro de rotor de 126 metros e unha potencia unitaria de 3,45 MW. A lonxitude dos camiños de nova execución é duns 5.516 metros e será necesario acondicionar uns 931 metros de camiños existentes. A lonxitude total das gabias para o cableado é de 17.070 metros. A torre meteorolóxica acadará unha



altura de 112 metros. A subestación ocupará unha superficie de 55 x 75 metros, e disporá dun edificio prefabricado de planta rectangular cunhas dimensións de 9,60 x 3 metros e 3 metros de altura útil. O edificio de control do parque consistirá nun edificio de planta rectangular de dimensións 25,90 x 10 metros e 3,50 metros de altura útil, con cerramentos de ladrillo revestido e un aplacado de pedra na base das fachadas nunha altura de 0,70 metros. Na memoria do EsIA existen contradicións respecto ao acabado da cuberta, se ben nos planos reflíctese que esta será de tella. O parque eólico conéctase á rede de transporte mediante unha liña aérea de 60 metros de lonxitude e un único apoio situado nas proximidades dunha torre da LAT Dumbria-Regoelle.

As infraestruturas do parque sitúanse dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico de Galicia denominadas Monte Tourado e Alto da Croa.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo 1).

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, nas comarcas paisaxísticas de Terra de Soneira, Terra de Fisterra e Terra de Xallas.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, sendo as máis próximas a AEIP-09-03 Penedos de Pasarela e Traba, situada a uns 7 km en dirección norte, a AEIP-09-10 Devesa de Anllares, a uns 9,3 km ao sur, e a AEIP-09-05 Torre do Allo, a uns 10,5 km ao nordés. En relación aos miradoiros, os máis próximos son os de Alto de Brañas da Cruz, localizado a uns 2,4 km ao sur, o Monte de San Bartolo, a 2,6 km ao norte, e o Faro de Fontefría a uns 3,6 km ao noroeste. Máis lonxe, a uns 9 km en dirección norte, aparece o miradoiro de Torre da Moa.

Respecto a outros valores citados no Catálogo das paisaxes, o Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra-Muxía) discorre a uns 6,5 km ao sur do parque en dirección leste-oeste.

O parque eólico localízase nunha contorna de montes de cumios suaves e pendentes moderadas. As infraestruturas emprázanse nos lugares de Monte de Vilariño, Monte da Serra e Monte da Croa. Dende un punto de vista hidrográfico a zona de estudo atópase no límite sur das bacías do río Grande, a parte norte do río Castro, e a parte oeste do río Xallas, sendo regada por distintos cursos fluviais, entre eles o rego de Cambeda e o rego de Berdoias. Neste territorio predominan as explotacións forestais de piñeiros e eucaliptos coa excepción do lugar de implantación da máquina MC-04, onde destaca a presenza de afloramentos rochosos de granito e zonas de matogueira. Entre os cordais vanse sucedendo vales conformando unha paisaxe agraria caracterizada por un mosaico de pastos e cultivos ao redor dos núcleos rurais. Ademais, nesta zona aparecen explotacións mineiras de caolín que foron xerando lagoas nos ocos de explotación. As vías de comunicación máis importantes da contorna son as estradas autonómicas VG-1.5, AC-441, AC442 e AC-552, e a provincial DP-9203.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto contén unha diagnose do estado actual da paisaxe na que non se fai referencia aos contidos do Catálogo das paisaxes de Galicia. Descríbense as principais características do proxecto, analízanse a calidade e fragilidade visual da paisaxe, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores nun radio de 15 km, seleccionando como puntos de observación os núcleos de poboación de Ponte do Porto, Vimianzo, Zas e Berdoias, e a estrada autonómica AC-199, e se analiza a visibilidade destes lugares incluíndo o miradoiro de Monte San Bartolo, apoiándose en perfís de intervisibilidade e simulacións gráficas. Respecto ás infografías cabe indicar que non resultan axeitadas para valorar o





impacto visual dos aeroxeradores, sendo máis apropiado a utilización de fotografías reais tomadas en campo. Finalmente inclúese un apartado referente aos impactos do proxecto e outro de medidas preventivas e correctoras, como son o emprego de cores pouco rechamantes no acabado dos aeroxeradores, o aproveitamento dos camiños existentes, a cubrición das superficies finais das novas pistas con saburras de cor escura para atenuar o efecto visual, e a restauración dos terreos afectados polo proxecto.

As medidas de integración paisaxística propostas axudarán a atenuar en parte os impactos do proxecto, se ben deberán completarse conforme ao sinalado no punto 5 do presente informe.

O contido do EIIP non se axusta completamente á Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, nin ao seu Regulamento, particularmente en relación ás seguintes cuestións:

- Non inclúe o sinalado no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.
- A diagnose do estado da paisaxe resulta insuficiente, posto que non se analizaron elementos naturais ou construídos presentes, como son os valados tradicionais de pedra e os afloramentos graníticos (artigo 28.2c do Regulamento) e respecto aos contidos do Catálogo da paisaxe, unicamente se identifica e se avalía a visibilidade dun miradoiro (Miradoiro de San Bartolo), cando existen outros afectados (artigo 28.2d do Regulamento).
- Respecto á estimación dos impactos do proxecto (artigo 29.d do Regulamento), non se analiza o grao de incidencia sobre elementos de valor paisaxístico como son os valados de carácter tradicional ou as formacións rochosas.
- Non se inclúe un plano no que se representen os valores e elementos paisaxísticos presentes no ámbito do proxecto (31.1a do Regulamento).

Por outra banda, en relación ás Directrices de Paisaxe, o EIIP non dá cumprimento á directriz de paisaxe DX.20.a, dado que non presenta un estudo dos tipos de paisaxe no que se sitúan as infraestruturas, dos valores paisaxísticos existentes, nin o cálculo da súa bacía visual, de acordo co Catálogo das paisaxes e cuxo resultado servirá para a cuantificación do impacto visual do parque eólico e a súa repercusión nos tipos e valores paisaxísticos.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre meteorolóxica nunha zona elevada, o que lle confire unha alta visibilidade dende os vales agrarios situados entre os cordais. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico. En relación aos miradoiros, debido á proximidade dos aeroxeradores aos de Alto de Brañas da Cruz, Monte de San Bartolo e Faro de Fontefría, sumado á dimensión das máquinas, pódense producir incidencias visuais nas vistas panorámicas dende os mesmos (Directriz de paisaxe DX.26.c).

Tamén se producirán impactos visuais debido á distancia á que se sitúa o parque respecto aos núcleos de poboación, posto que existen asentamentos próximos ás infraestruturas, moitos deles a menos dun quilómetro como son os de Cambeda, Rasamonde, Cubes, O Vilariño, Sanfíns, Piñeiros, Lavandeira, O Vilar, Vilaseco, Cerbán, Romar, A Casanova, A Boudañeira, ou Sareguas. Ademais, o núcleo de Berdoias localízase a 1,8 km ao oeste, Vimianzo a 2,5 Km ao norte e Dumbría a uns 5,5 km ao suroeste (Directriz de paisaxe DX.20.c). Así mesmo, os aeroxeradores serán visibles total ou



parcialmente dende as estradas autonómicas que discorren pola contorna e serven de acceso ao parque.

Os principais impactos visuais virán derivados da acumulación de proxectos eólicos que provocarán un efecto sinérxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas da contorna, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia, actualmente existen 7 parques en explotación ou autorizados e 4 proxectos en tramitación, nun radio de 5 km, sumando un importante número de aeroxeradores neste territorio. Os máis próximos serían o PE Alto da Croa, cunha máquina situada a uns 650 metros do sector meridional do parque, e o PE Monte Tourado-Eixe, localizado a uns 1,2 km ao leste dos aeroxeradores máis setentrionais.

Outros impactos paisaxísticos están relacionados coa afección aos afloramentos rochosos de granito que, ademais de interese como formacións xeolóxicas, constitúen elementos de gran atractivo visual nos cumios destes montes, engadindo riqueza ás escenas paisaxísticas da comarca. A posición do aeroxerador MC-04, no Monte da Serra, afectaría de maneira severa nunha importante extensión aos penedos que afloran neste lugar, facendo incompatible a preservación dos mesmos (Directriz de paisaxe DX.17 a.4). Ademais produciranse afeccións a outros elementos de interese paisaxístico como son os valados tradicionais de pedra, presentes nas inmediacións desta posición (Directriz de paisaxe DX.22.i). Por outra banda, as obras necesarias para a implantación deste aeroxerador provocarán a aparición de desmontes e terrapléns no terreo, cunha importante exposición visual.

5. Conclusión:

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe produciranse debido á incidencia visual acumulada, pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou en tramitación na contorna, sobre os miradoiros existentes na contorna, os núcleos de poboación e as vías de comunicación máis importantes que discorren polo ámbito do parque. Ademais, a apertura de novos camiños e as escavacións necesarias para a instalación das infraestruturas, alterarán a topografía das ladeiras e cumios, afectando (no caso do aeroxerador situado no Monte da Serra) de maneira severa a elementos de interese paisaxístico, como son os afloramentos rochosos e os valados tradicionais de pedra.

O EIIP deberá axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no Regulamento da Lei 7/2008, e nas Directrices de paisaxe, en concreto nos seguintes aspectos:

- De acordo co disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 “Disposicións de carácter xeral” das Directrices de paisaxe de Galicia.
- Consonte cos artigos 28.2c e 28.2d do Regulamento, o EIIP apoiarase nos contidos dos catálogos da paisaxe e pormenorizará, para o ámbito afectado polo proxecto, a análise dos elementos naturais ou construídos que outorgan carácter á paisaxe, así como as condicións de visibilidade e a identificación de miradoiros, sendas panorámicas ou outros puntos singulares de observación, como estradas ou lugares de concentración de persoas, desde os que se poida observar a actuación.





- En relación ao artigo 29.d do Regulamento, deberá analizarse o grao de incidencia do proxecto sobre os elementos naturais ou culturais de valor paisaxístico, como son os afloramentos de rochas graníticas e os valados tradicionais de pedra.
- De acordo co artigo 31.1a do Regulamento, deberase incluír un plano da contorna do proxecto en que se representen os valores e elementos paisaxísticos de referencia, tales como as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), elementos naturais ou culturais de singular valor, miradoiros, sendas panorámicas e puntos singulares de observación.
- Ampliar a descrición e xustificación dos criterios e as medidas que se deben adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento da Lei 7/2008 e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe destacar neste caso as seguintes:
 - De acordo coa Directriz de paisaxe DX.20.a, o deseño do parque eólico terá en conta os resultados do estudo de impacto e integración paisaxística, que ademais dos contidos establecidos na Lei 7/2008, incluírá un estudo dos tipos de paisaxe en que se sitúan, dos tipos de valores paisaxísticos existentes e o cálculo da súa bacía visual, analizando os tipos de paisaxe, os valores paisaxísticos e os lugares de especial interese paisaxístico existentes nela, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia.
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais a curta distancia do proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
 - En relación coas directrices de paisaxe DX.17 a.4, e DX.22.i, debe evitarse a afección aos afloramentos rochosos e aos valados tradicionais de pedra, en particular os que existen na localización do aeroxerador MC-04 no Monte da Serra. Para tal fin, deberase estudar unha alternativa de emprazamento para este aeroxerador, preferentemente cara unha posición máis próxima ás outras máquinas previstas, co fin de mellorar as condicións de integración paisaxística do parque.
 - En relación coa directriz de paisaxe DX.26.c, deberase analizar a incidencia visual dos aeroxeradores sobre as vistas panorámicas dos miradoiros (ademais do de Monte de San Bartolo xa analizado no EIIP) de Alto de Brañas da Cruz e Faro de Fontefría, e de ser o caso, estudaranse outras alternativas de localización que minimicen a afección sobre eles.
 - En relación coa directriz de paisaxe DX.20.f, deberanse aproveitar ao máximo os camiños xa existentes, co fin de minimizar a alteración da topografía e os movementos de terra. A este respecto, agás que se xustifique a inviabilidade desta solución, os accesos aos aeroxeradores MC-06 e MC-07 deberanse adaptar ao trazado da pista aberta ao norte dos mesmos, e dende a cal se accede ao centro de control e á máquina MC-05.
 - Respecto á subestación do parque eólico, para minimizar os movementos de terra e diminuír as dimensións dos terrapléns resultantes no terreo, deberase desprazar a súa posición, se tecnicamente resulta viable, cara unha zona de menor pendente. No que



atinxe á tipoloxía e características estéticas dos edificios previstos, deberanse respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m. Así mesmo, de ser necesario, no perímetro tanto da subestación como do edificio de control, disporase unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

